

Viveiro de Empresas do Concello de Riveira.

Estás pensando en montar a túa propia empresa?

Necesitas asesoramento e un despacho dende o cal xestionar o teu negocio?

Esta é a túa oportunidade!

Non te decides?

Axudámoste!!



VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE RIVEIRA - INFORMACIÓN XERAL

Como sabemos, os comezos sempre son complicados; decidirse a facer realidade unha idea empresarial é todo un reto que xera dúbidas, medos e implica un considerable esforzo e un camiño que en moitos casos se percorre en soidade.

Neste sentido, un viveiro de empresas, tamén coñecido como “incubadora de empresas” é unha estrutura dende a cal se presta **apoio e acompañamento** durante as distintas **fases de creación da empresa**: nacemento, crecemento e consolidación da mesma, para así **incrementar a porcentaxe de supervivencia da mesma**.

Que me ofrece o viveiro de empresas do Concello de Riveira?

Ademais dun **espazo físico** no que aloxar a túa empresa de forma temporal, zonas comúns e servizos, disporás de **asesoramento especializado** prestado por persoal técnico da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.

Servizos:

- ✓ **Instalacións:** 9 oficinas, cunha superficie de entre 10,34m² e 15,15m², equipadas con mobiliario (mesa, cadeiras, estantería, paragüeiro, perchero, papeleira, archivador con rodas) e infraestrutura de iluminación, climatización, auga, electricidade e Internet.
- ✓ **Áreas e servizos comúns:** recepción, vestíbulo, sala de reunións (uso gratuíto previa reserva), sala de usos múltiples (uso gratuíto previa reserva), aseos, fotocopiadora (non inclúe as copias), destrutora de papel. Mantemento e limpeza de zonas comúns e aseos.
- ✓ **Tutelaxe dos proxectos acollidos no viveiro**, a través do persoal técnico da Cámara de Comercio de Santiago.

- ✓ **Servizos de asesoramento e formación**, prestados preferentemente en colaboración coa Cámara de Comercio: estudo e análise de proxectos, asesoría xurídica, fiscal e laboral, apoio na busca de financiamento, apoio á consolidación.

Onde está situado?

Na Rúa Fafián, nº 29 15960 Riveira (A Coruña) (Instalacións do antigo matadoiro municipal). Preto das instalacións polideportivas da Fieiteira.

Como son as instalacións?

O viveiro de empresas está situado nun **edificio de planta baixa** cunha superficie de **362,70 m²** útiles e dispón de **10 despachos** (9 para emprendedores/as), **sala de reunións**, **sala de usos múltiples**, **aseos** e **zonas comúns**.

Vista xeral do edificio





Recepción/ Sala de espera





Corredor



Sala de reuniones



Sala de usos múltiples



Despachos





Canto me vai custar?

Simplemente terás que pagar unha cota polo uso do despacho e, a parte que corresponda, se utilizas o servizo de fotocopiadora/impresora.

Tarifas

Despacho: 75€/ mes

Uso da fotocopiadora/impresora: por cada fotocopia/impresión:

- 1) 0,010€ en b/n
- 2) 0,11€ en cor

Quen pode solicitar un espazo no viveiro?

- Empresas novas que comecen a súa actividade no viveiro de empresas. Estas empresas terán de prazo 1 mes dende a adxudicación para xustificar o inicio da actividade.
- Empresas de recente creación. Empresas xa existentes cunha antigüidade máxima do negocio de 24 meses desde o inicio da actividade ata a data de presentación da solicitude. Considerarase como inicio da actividade a data que figure no modelo 036 da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Emprendedores/as que necesiten un espazo adecuado para estudar e preparar o seu proxecto (máximo 3 meses)

Canto tempo pode estar no viveiro?

2 anos, prorrogables en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes.

Que documentación hai que presentar?

Impreso de solicitude e memoria de proxecto empresarial (segundo os modelos adxuntos)

Solicitude

Memoria

Onde?

No Rexistro Xeral do Concello de Riveira.

Datos de contacto:

Rúa Fafián, 29 (Viveiro de Empresas)

Tlf. do Viveiro: **981 87 14 97 (en agosto, pechado)**. **Persoa de contacto:** Carolina Pampín
(orientadora laboral)

Tlf. do Concello de Riveira: **981 83 54 17**. **Persoa de contacto:** María Paz (axente de emprego e desenvolvemento local)

Para ampliar información:

Consultar o apartado de documentación: *Ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas de Riveira e outros.*